

XVI ASEMBLEA NACIONAL DO BNG  
A Coruña, 25 e 26 de marzo.

**#Principios\_organizativos\_e\_  
normas\_de\_funcionamento\_do\_BNG**



# PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO BNG

## O. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

### 0.0. INSTRUMENTO POLÍTICO AO SERVIZO DO POBO GALEGO

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) confórmase como organización que integra o movemento socio-político de liberación nacional. É asembleario na súa toma de decisións, plural e diverso na súa composición, e expresión política do movemento nacionalista na súa práctica política e social.

### 0.1. DEMOCRACIA

O funcionamento democrático é o único compatíbel cos obxectivos do BNG. Garántese a todos os niveis: información, debate e toma de decisións na súa táctica e estratexia políticas, así como no seu funcionamento organizativo.

### 0.2. CARÁCTER ASEMBLEARIO

O BNG, como organización plural, aberta e participativa, basea a súa dinámica de funcionamento e decisión política en formulacións asemblearias. As persoas representantes están suxeitas a mandato imperativo, por tanto, poden ser revogadas polas electoras.

### 0.3. PLURALISMO POLÍTICO

O BNG recoñece a existencia de distintas opcións políticas, ideolóxicas e organizativas no seo do nacionalismo galego, así como distintas formulacións estratéxicas cara ao exercicio pleno da nosa soberanía nacional. O BNG, xa que logo, como expresión unitaria do nacionalismo, recoñece a existencia de diversas tendencias políticas no seu seo a través da estrutura frontista, aínda que a adscrición e militancia no BNG é individual.

### 0.4. MAIORÍAS E MINORÍAS

A posición oficial do BNG determínase por maiorías. Garántese o dereito das posicións minoritarias á súa defensa pública e á discrepancia lexítima da opción maioritaria.

### 0.5. LIBERDADE DE EXPRESIÓN

O necesario debate que debe fundamentar a participación e toma de decisións en toda organización política fai necesario o recoñecemento explícito da liberdade de expresión, non só para as distintas opcións organizadas no BNG, senón tamén a título individual para todas as persoas que o integren.

### 0.6. DEREITO A DISCREPANCIA PÚBLICA

O dereito á defensa pública das posicións minoritarias e o de defensa da liberdade de expresión concrétase no dereito á discrepancia pública, sempre que na práctica non supoña unha contradición operativa que leve ao bloqueo ou ao boicot da decisión maioritaria.

### 07. TRANSPARENCIA

O BNG funcionará con transparencia na xestión das súas finanzas, facendo públicos os ingresos e gastos da organización, como forma de garantir a maior información á militancia e á sociedade galega en xeral.

## 1. DA AFILIACIÓN

1  
2  
3  
4  
5  
6  
7  
8  
9  
10  
11  
12  
13  
14  
15  
16  
17  
18  
19  
20  
21  
22  
23  
24  
25  
26  
27  
28  
29  
30  
31  
32  
33  
34  
35  
36  
37  
38  
39  
40  
41  
42  
43  
44  
45  
46  
47  
48  
49  
50  
51  
52  
53

A afiliación ao BNG é individual. Após presentar a solicitude, poderá afiliarse ao BNG calquera nacionalista que acepte os seus principios e normas de funcionamento.

### 1.1. DOS DEREITOS E DEBERES DA AFILIACIÓN

1.1.1.- Todas as persoas afiliadas do BNG teñen os mesmos dereitos e deberes perante a organización.

1.1.2.- Son dereitos das persoas afiliadas ao BNG:

a) Expresaren libremente as súas opinións políticas nos debates internos.

b) Participaren na toma de decisións e na actividade política do BNG.

c) Participaren, tanto para seren persoas elixidas como en calidade de electoras, na elección de órganos de dirección mediante procedementos de votación que aseguren a liberdade e o carácter secreto do voto.

d) Discreparen publicamente das posicións maioritarias, sempre que na práctica non supoña unha contradición operativa que leve ao bloqueo ou boicot da decisión maioritaria.

e) Participaren nas eleccións de responsábeis e/ou representantes institucionais que tiveren lugar no seo da organización e optaren en igualdade de condicións ao desempeño destes.

f) Recibiren información sobre a orientación e a actividade xeral do BNG, da composición dos seus órganos de dirección e administración e das decisións adoptadas por estes, da actividade desenvolvida e da situación económica xeral da organización.

g) Trasladaren propostas aos órganos do BNG para a súa toma en consideración.

h) Seren previamente ouvidas no caso de se proporen sancións disciplinarias contra elas e recorreren as sancións perante os órganos superiores e, esgotadas estas vías, perante a Comisión de Garantías.

i) Recibiren apoio solidario da organización ante os problemas derivados da súa militancia política.

l) Impugnaren os acordos que xulgaren contrarios ás normas en vigor.

m) Acudiren á comisión de garantías en defensa dos dereitos como persoas afiliadas ao BNG.

1.1.3.- Son deberes das persoas afiliadas ao BNG:

a) Actuaren de conformidade co establecido nos principios políticos e ordenamento estatutario do BNG.

b) Contribuíren na medida das súas posibilidades á definición e aplicación da liña política do BNG.

- 1  
2 c) Irradiaren no seu ámbito social as posicións do nacionalismo galego.  
3  
4 d) Teren unha práctica lingüística coherente coa defensa da normalización do uso  
5 social do galego.  
6  
7 e) Defenderen a autoorganización do pobo galego a todos os niveis.  
8  
9 f) Acataren e respectaren as decisións maioritarias aínda no caso de discreparen con  
10 elas.  
11  
12 g) Aboaren a cota estipulada e asumiren solidariamente os compromisos económicos  
13 que se derivaren do desenvolvemento da actividade política do BNG.  
14  
15 h) Respectaren nas manifestacións internas e externas compañeiros e compañeiras,  
16 así como os órganos colexiados do BNG.

## 17 18 1.2. DAS ALTAS E BAIXAS E A SÚA TRAMITACIÓN

19  
20 1.2.1.- A admisión formal das solicitudes de alta e baixa farase polo Consello Comarcal  
21 correspondente e constará en acta.

22  
23 1.2.2.- As novas persoas afiliadas terán coñecemento dos principios políticos  
24 fundacionais do BNG e encadraranse necesariamente na asemblea local onde  
25 tiveren unha relación directa de veciñanza ou laboral.

26  
27 1.2.3.- En calquera caso, as peticións de alta no BNG serán tratadas e resoltas na  
28 primeira reunión ordinaria do Consello Comarcal, que poderá contar co parecer do  
29 Consello Local correspondente. As solicitudes deben formalizarse por escrito, onde  
30 deberá constar a petición expresa de alta no BNG acompañada da ficha completa cos  
31 datos da persoa solicitante.

32  
33 1.2.4.- Ao Consello Nacional asístelle o dereito de revogar os acordos adoptados no  
34 caso de se non axustaren aos estatutos ou aos principios e normas do BNG.

35  
36 1.2.5.- No caso de peticións colectivas de alta que afectaren a máis dunha comarca, o  
37 órgano competente para decidir politicamente sobre a conveniencia desta integración  
38 é o Consello Nacional. En calquera caso, os consellos comarcais serán competentes  
39 para formalizaren individualmente cada caso.

40  
41 1.2.6.- Causarán baixa no BNG, para alén de polas razóns disciplinarias que inclúen  
42 nestas normas, todas as persoas afiliadas ao BNG que, sen causa xustificada, non  
43 satisfagan a cota estipulada. Cando unha persoa afiliada ao BNG estiver 6 meses sen  
44 aboar a cotización recibirá unha notificación electrónica, no caso de ter comunicado un  
45 enderezo electrónico ao BNG, ou no seu defecto certificada, dándolle un prazo dun  
46 mes para se pór ao día, cumprido o cal sen o facer, causará baixa. Se unha persoa  
47 afiliada, por razóns económicas, non puiden satisfacer a cota estipulada, debe  
48 comunicar esta situación ao Consello Comarcal, que, á vista dos datos, pode eximila  
49 temporalmente do deber de cotizar ou reducirlle a cota.

50  
51 1.2.7.- Cada Consello Comarcal debe remitir aos órganos nacionais un parte de altas,  
52 baixas e traslados, acompañado da copia da acta do consello comarcal en que conste  
53 a aceptación destas e de copia da ficha das persoas en cuestión. No caso dos

1 trasladados debe facerse indicación da comarca a que se traslada a persoa militante e  
2 dos novos datos de localización.

3

4 1.2.8.- O carné é o documento que acredita a condición de persoa afiliada ao BNG.  
5 Correspóndelle á organización nacional a súa emisión e a asignación de números. O  
6 BNG fomentará a difusión dunha tarxeta de identificación galega, que terá plena  
7 validez nos actos internos do BNG, e tamén impulsará o seu uso en todos os ámbitos  
8 cotiáns.

9

10 1.2.9.- Galiza Nova conta con plena autonomía organizativa no seo do BNG e a  
11 condición de militante de Galiza Nova acredita un/unha compañeiro/a como afiliado/a  
12 do BNG. En consecuencia, Galiza Nova contará coas súas propias listaxes e emitirá  
13 os seus propios carnés.

14

15 1.2.10.- Galiza Nova entregará copia das fichas dos/das seus/súas militantes aos  
16 consellos comarcais do BNG respectivos. Os consellos comarcais do BNG están  
17 capacitados para non admitiren unha alta de Galiza Nova no caso de existiren  
18 evidencias de que a persoa interesada ten posicións contraditorias coas definidas no  
19 programa e Estatutos do BNG.

20

21 1.2.11.- As persoas afiliadas a Galiza Nova están exentas de pagaren cotas ao BNG  
22 agás as contribucións especiais que se estableceren para os cargos institucionais do  
23 BNG.

24

## 25 **2. DOS COLECTIVOS**

26 2.0. A existencia de distintos colectivos organizados na fronte está subordinada ao  
27 funcionamento do BNG como unha organización unitaria con vocación de  
28 permanencia.

29

30 Os colectivos representativos das distintas culturas políticas ou tradicións  
31 ideolóxicas que converxen no BNG achegan as súas reflexións, ideas e propostas  
32 ao proxecto común nacionalista.

33

34 2.1.- As persoas afiliadas do BNG teñen dereito a constituíren colectivos de acordo  
35 coas súas afinidades ideolóxicas, sen prexuízo da igualdade de dereitos e deberes  
36 que posúen todas as persoas afiliadas da Fronte polo simple feito de o seren.

37

38 2.2.- A constitución dun colectivo formalizarase coa presentación perante o Consello  
39 Nacional dun escrito do que resulte o nome, os obxectivos e as finalidades.  
40 Acompañarase a documentación da constitución e a composición dos seus órganos  
41 de dirección.

42

43 2.3.- No caso colectivos xa existentes que desexaren formalizar a súa entrada no  
44 BNG, deberán presentar a mesma documentación.

45

46 2.4.- En ambos os dous casos o Consello Nacional adoptará unha decisión tras valorar  
47 a documentación presentada canto a súa adecuación aos principios, práctica e  
48 obxectivos do BNG e ás circunstancias políticas do momento.

49

50 2.5.- As persoas que militaren en colectivos integrados no BNG deberán estar afiliadas  
51 ao BNG.

52

53 2.6.- Os colectivos -dentro da súa total autonomía para decidiren as súas normas de

1 funcionamento- informarán anualmente ao Consello Nacional da composición dos  
2 seus organismos nacionais de dirección, da realización das xuntanzas dos seus  
3 órganos máximos de decisión, así como de cando deixen de ter funcionamento  
4 orgánico, e outras circunstancias de interese. O Consello Nacional tamén velará  
5 para que ningunha das partes ou membros da fronte teña comportamentos  
6 gravemente desleais ou contrarios á unidade do BNG.

7  
8 2.7.- O desempeño das funcións de portavoz nacional, candidato/a á Xunta,  
9 portavoz no parlamento galego, español e europeo levará consigo a imposibilidade  
10 de desempeñar o cargo de portavoz interno ou externo, público, da corrente á que  
11 se pertencer, xa que estas persoas representan exclusivamente o BNG.

### 12 13 **3. DA ASEMBLEA NACIONAL**

14  
15 A Asemblea Nacional, conformada polo conxunto da militancia do BNG, é o máximo  
16 órgano e o titular da soberanía da organización. Será competente para a discusión e  
17 crítica política e para todas aquelas cuestións que atinxiren á expresión da vontade  
18 política da organización.

19  
20 Son funcións específicas da Asemblea Nacional a aprobación dos principios políticos e  
21 organizativos e das normas de funcionamento do BNG e calquera modificación que se  
22 introducir nestes, así como marcar as liñas estratéxicas que o BNG debe seguir. Así  
23 mesmo á Asemblea Nacional correspóndelle elixir 50 membros do Consello Nacional  
24 entrante, as persoas integrantes da Executiva Nacional e o/a Portavoz Nacional.

#### 25 26 **A. DA CONVOCATORIA DA ASEMBLEA E DOS MEMBROS DE PLENO DEREITO**

27  
28 3.1.- O Consello Nacional é o órgano competente para convocar Asemblea  
29 Nacional. Para a realización de asembleas nacionais ordinarias establécese un  
30 período mínimo de dous anos e un período máximo de tres.

31  
32 3.2.- Após a solicitude, en que figurará asunto(s) a tratar, da maioría dos consellos  
33 comarcais ou dun terzo da militancia existente nese momento, o Consello Nacional  
34 estará obrigado a convocar Asemblea Nacional Extraordinaria. As asembleas  
35 extraordinarias convocaranse cunha antelación mínima dun mes. As asembleas  
36 ordinarias coa antelación mínima de dous meses.

37  
38 3.3.- Toda a militancia do BNG ten dereito á participación directa nas asembleas  
39 nacionais, de acordo coas normas establecidas en canto a cotas, prazos de alta e  
40 inscrición previa para a participación no proceso asembleario.

41  
42 3.4.- Para ter dereito a participar na Asemblea Nacional e en todos os procesos  
43 internos de elección hai que contar, cando menos, cunha antigüidade de dous  
44 meses e as cotas ao día na data da convocatoria do proceso correspondente.

45  
46 3.5.- A obriga de estar ao día no pago de cotas afecta tamén á participación como  
47 membro de pleno dereito no proceso territorial da Asemblea Nacional.

48  
49 3.6.- As modificacións propostas no relatorio a debate entrarán en vigor unha vez  
50 aprobadas pola asemblea nacional. No caso de se someteren a debate e de se  
51 aprobaren modificacións estatutarias, poderán entrar en vigor de xeito inmediato e  
52 serán aplicados aos procesos posteriores e esta asemblea, se así se acordar no

1 propio regulamento da asemblea nacional.

2

## 3 B. DA MECÁNICA DE ELABORACIÓN, DISCUSIÓN E APROBACIÓN DOS 4 RELATORIOS DA ASEMBLEA NACIONAL

5

6 3.7.- O Consello Nacional saínte será o encargado de aprobar os textos base que se  
7 someterán a discusión na Asemblea Nacional. O Consello Nacional fixará os temas  
8 para debater e convocará a constitución da comisión redactora das propostas de  
9 documentos, que será aberta a todas as persoas do Consello Nacional que desexaren  
10 participar nos traballos destas.

11

12 3.8.- A comisión redactora presentará ao Consello Nacional os textos aprobados pola  
13 maioría dos seus membros. Se existiren discrepancias, constarán igualmente os votos  
14 particulares das persoas do Consello Nacional que forman parte da Comisión.

15

16 3.9. O Consello Nacional aprobará os textos definitivos das propostas de documentos e  
17 poderán presentar as persoas membros do Consello Nacional que disintan en  
18 cuestións de fondo dos documentos aprobados, votos particulares. Consideraranse  
19 votos particulares aquelas propostas alternativas presentadas por membros do  
20 Consello Nacional que disintan do documento aprobado polo órgano, quer no seu  
21 conxunto quer nalgún dos seus apartados.

22 Os documentos (acompañados dos votos particulares) serán enviados ás asembleas  
23 comarcais para o seu debate cando menos con 30 días de antelación a que teña lugar  
24 a Asemblea Nacional.

25

26 3.10.- As asembleas comarcais debaterán as propostas de documentos e os votos  
27 particulares e poderán formular emendas parciais ou á totalidade.

28 No que atinxe á mecánica de debate nas asembleas esta deberá seguir as seguintes  
29 pautas:

30

31 - Cada proposta de documento será obxecto dun debate global. Con tal fin abriranse  
32 quendas de palabras con anterioridade ao debate de propostas de emenda  
33 concretas.

34

35 - Deseguido procederase ao debate de propostas de emenda concretas coa  
36 apertura de quendas de palabra a favor e en contra. Poderán ser de supresión, de  
37 acrecentamento ou de substitución. Nestes dous últimos casos suporán a  
38 presentación de texto alternativo por parte da persoa emendante.

39

40 3.10.- Para que unha emenda pase a debate á Asemblea Nacional precisará acadar  
41 a maioría simple dos votos das persoas presentes nunha asemblea comarcal, isto é,  
42 máis votos a favor que votos en contra. Para que un voto particular de membros do  
43 Consello Nacional pase a debate á Asemblea Nacional deberá acadar, cando menos,  
44 a maioría simple dos votos nunha asemblea comarcal, isto é, máis votos a favor que  
45 votos en contra. As emendas que prosperaren nas distintas asembleas comarcais  
46 distribuiranse ao conxunto da organización con tempo suficiente para poderen ser  
47 estudadas.

48

49 3.11.- Os traballos nas asembleas nacionais estruturaranse por plenos e, de se  
50 considerar, tamén en comisións. Neste último caso, seguiranse á hora de distribuír as

1 persoas asembleístas nestas, criterios aleatorios. O Consello Nacional presentará en  
2 cada asemblea nacional ordinaria un informe político e de xestión que será debatido  
3 -xunto cos documentos asembleares- nun primeiro pleno de debate global. O  
4 Consello Nacional saínte presidirá as sesións plenarias, nomeará as persoas relatoras  
5 encargadas da defensa dos documentos e propondrá, para a súa ratificación pola  
6 asemblea, as persoas encargadas de moderaren os debates, e dúas persoas  
7 encargadas, ao exercerem a Secretaría, de redactaren a acta das sesións plenarias. As  
8 comisións contarán, para alén da persoa moderadora e das relatoras, con dúas  
9 persoas secretarias que serán elixidas pola comisión entre os seus membros.

10  
11 3.12.- De existiren comisións, pasarán a debate aos plenos todas as emendas que  
12 acadaren maioría simple nunha comisión, sen menoscabo de que o Regulamento da  
13 Asemblea Nacional establece cotas máis baixas.

14  
15 3.13.- Aprobaranse en pleno todas as emendas que acadaren maioría simple de votos.  
16 Unha vez discutidas as emendas, someteranse a votación global os relatorios coas  
17 emendas introducidas, que precisarán a mesma marxe para a súa ratificación.

18  
19 3.14.- As listaxes que se presentaren para optar aos 50 postos do Consello Nacional  
20 de elección directa na Asemblea Nacional deberán estar presentadas antes do  
21 comezo da última sesión plenaria e deberán ir asinadas por todas as persoas  
22 integrantes da candidatura, certificando a súa aceptación a seren incluídas na  
23 candidatura.

24  
25 3.15.- O Consello Nacional elaborará, de conformidade coas normas do BNG, a  
26 proposta de Regulamento, que será sometida a debate na Asemblea como primeiro  
27 punto da Orde do Día para a súa ratificación ou rectificación. A proposta de  
28 Regulamento debe incluír a Orde do Día da Asemblea.

29  
30 3.16.- Nas asembleas nacionais extraordinarias, cando foren convocadas para tomar  
31 unha decisión que fixe a posición do BNG sobre un asunto concreto e de urxente  
32 resolución, poderase prescindir do proceso territorial e do debate en comisións, sen  
33 menoscabo do previsto no artigo 3.17.

34  
35 C. DO PROCESO DE ELECCIÓN DE CARGOS E ÓRGANOS POLA ASEMBLEA  
36 NACIONAL

37  
38 3.17. Con carácter xeral a elección dos órganos de dirección nacional do BNG será  
39 realizada nas asembleas nacionais ordinarias. No entanto, poderá tamén ser feita  
40 en asembleas extraordinarias cando foren convocadas para a realización dun  
41 debate xeral ou cando a situación da organización así o aconsellar, a xuízo do  
42 Consello Nacional.

43  
44 3.18.- A elección dos 50 membros do Consello Nacional escollidos pola asemblea  
45 nacional, da Executiva Nacional, e da persoa Portavoz Nacional, efectuarase a  
46 través do sistema de candidatura conxunta ou por listaxes pechadas.

47  
48 3.18.1.- O Consello Nacional saínte poderá facer unha proposta de candidatura  
49 para os 50 membros para elixir directamente pola Asemblea Nacional. Para estes  
50 efectos, as asembleas comarcais incluírán un punto na orde do día relativo a  
51 propostas de persoas dentro do ámbito de cada comarca para ter en conta para a  
52 elaboración desta candidatura. As propostas serán remitidas ao Consello Nacional  
53 para que unha comisión deste organismo elabore a proposta de candidatura.



1 Alén do establecido no parágrafo anterior, manterase a designación directa de  
2 integrantes do Consello Nacional por cada asemblea comarcal conforme estas  
3 normas.

4 A candidatura conxunta será sometida a votación da Asemblea Nacional, que  
5 resultará aprobada de obter máis votos a favor que en contra.

6  
7 3.18.2.- Cando a elección for con máis dunha candidatura presentada, realizarase  
8 por votación entre elas, e procederase a unha distribución directamente proporcional  
9 aos votos acadados por cada listaxe. Para estes efectos, poderase presentar unha  
10 candidatura que conte, como mínimo, co 30% dos postos para cubrir.

11  
12 3.19.- A Executiva Nacional estará formada por 19 persoas, repartidas  
13 proporcionalmente ao apoio obtido polas candidaturas presentadas para o Consello  
14 Nacional e seguindo a orde de cada candidatura. No caso de se presentar unha  
15 candidatura conxunta ao Consello Nacional, a proposta de Executiva ficaría  
16 conformada polas 19 primeiras persoas da candidatura.

17  
18 3.20.- Resultará electa Portavoz Nacional a persoa que encabezar a listaxe máis  
19 votada para o Consello Nacional.

20  
21 3.21.-Garantirase ás candidaturas a igualitaria publicidade e coñecemento das súas  
22 listaxes, mediante a inserción do mesmo espazo e difusión nos órganos de  
23 expresión do BNG, nos documentos presentados á militancia, nas asembleas  
24 comarcais e na Asemblea Nacional.

25  
26 3.22.- A elección do candidato ou da candidata do BNG á Presidencia do Goberno  
27 Galego farase coa participación de toda a militancia co voto nas distintas comarcas,  
28 dentro do proceso de elección das candidaturas do BNG ao Parlamento de Galiza.  
29 Garantirase que ese proceso vaia acompañado por presentación das propostas por  
30 parte dos/as candidatos/as á militancia tanto coa presenza nas distintas asembleas  
31 como cos medios organizativos precisos.

## 32 33 **4. DOS ENCONTROS NACIONAIS**

34  
35 4.1.- Os encontros nacionais son órganos de carácter deliberante e consultivo. O  
36 Consello Nacional é o órgano facultado para os convocar e establecer a Orde do  
37 Día, e poderá convocar encontros nacionais de cadros do BNG (membros dos  
38 Consellos Nacional, comarcais e/ou locais) ou encontros nacionais abertos ao  
39 conxunto da militancia.

40  
41 4.2.- Sempre que sexa posíbel, en todos os encontros habilitaranse ferramentas  
42 dixitais para que a militancia na emigración poida participar.

## 43 44 **5. DO CONSELLO NACIONAL**

45  
46 O Consello Nacional é o órgano máximo de dirección, representación, debate e  
47 decisión do BNG entre asembleas nacionais. Será competente no seguimento do  
48 cumprimento, desenvolvemento e na concreción da liña política definida pola  
49 Asemblea Nacional e en todos aqueles asuntos que non foren competencia da  
50 Asemblea Nacional. As súas decisións serán vinculantes para o conxunto da  
51 organización.

### 52 53 **A. DA SÚA DINÁMICA, COMPOSICIÓN E FORMA DE ELECCIÓN**

1  
2 5.1.- O Consello Nacional reunirase con carácter ordinario cada dous meses. Todas  
3 as reunións do Consello Nacional terán como punto obrigado da orde do día a  
4 presentación e debate dun informe da Executiva relativo á súa actuación e á súa  
5 análise da situación política. Á súa vez, as decisións adoptadas polo Consello  
6 Nacional serán comunicadas ao conxunto da organización a través dos portavoces-  
7 responsábeis comarcais e, se for o caso, serán publicadas na páxina web nacional,  
8 nas publicacións do BNG e dadas a coñecer aos medios de comunicación  
9 inmediatamente despois de cada reunión.

10  
11 5.2.- O Consello Nacional conformarase de acordo cos seguintes criterios:

- 12  
13 - A Asemblea Nacional elixirá directamente 50 membros.  
14  
15 - As asembleas comarcais elixirán 50 membros en proporción á militancia, incluída a  
16 persoa responsábel comarcal.  
17  
18 - A estrutura do BNG na emigración designará unha persoa representante.  
19  
20 - Galiza Nova contará con dúas persoas representantes.  
21  
22 - Os partidos e colectivos integrados no BNG designarán unha persoa representante  
23 de cada un.

24  
25 5.3.- As persoas electas polas asembleas comarcais escolleranse conforme a estes  
26 criterios:

27  
28 a) Os membros electos polas asembleas comarcais para se incorporaren ao  
29 Consello Nacional serán aquelas persoas que ocuparen os primeiros postos na  
30 listaxe electa pola asemblea comarcal para conformar o consello comarcal. No caso  
31 de se teren presentado varias listaxes procederase a unha distribución directamente  
32 proporcional aos votos que acadase cada listaxe.

33  
34 b) En caso de dimisións ou de que algunha destas persoas xa fose elixida para  
35 formar parte do Consello Nacional pola Asemblea Nacional procederíase a nomear  
36 seguinte na da listaxe por que esta persoa foi electa na Asemblea Nacional.

37  
38 c) Será electa responsábel-portavoz comarcal a persoa cabeza da listaxe máis  
39 votada na elección do Consello Comarcal.

40  
41 d) Os movementos de afiliación que se produciren após a Asemblea Nacional só  
42 computarán para determinar o número de persoas que se escollerá en cada  
43 comarca cando se inicie o proceso dunha nova Asemblea Nacional.

44  
45 5.4.- As persoas responsábeis portavoces comarcais son as garantes da  
46 representación territorial no Consello Nacional e as máximas representantes do  
47 BNG en cada comarca. En caso de ausencia da persoa responsábel portavoz  
48 comarcal será suplida nas súas funcións pola vicerresponsábel comarcal. A función  
49 de vicerresponsábel comarcal recaerá no número 2 da listaxe máis votada na  
50 Asemblea Comarcal. A persoa vicerresponsábel comarcal substituirá a portavoz  
51 responsábel comarcal nas reunións do Consello Nacional a que esta non puider  
52 asistir.

53

- 1 5.5.- En caso de causar baixa no Consello Nacional algunha das persoas elixidas  
2 directamente na Asemblea Nacional procederase á súa substitución pola seguinte  
3 persoa da listaxe por que foi electa.  
4
- 5 5.6.- En caso de un membro do Consello Nacional elixido directamente pola Asemblea  
6 Nacional ser elixido representante neste organismo por un partido ou colectivo ou por  
7 unha asemblea comarcal, procederase á súa substitución pola seguinte persoa da  
8 listaxe por que foi electo na Asemblea Nacional.  
9
- 10 5.7.- Unha mesma persoa non pode acumular a condición de representante dun  
11 partido ou colectivo e de responsábel ou vicerresponsábel portavoz comarcal.  
12
- 13 B. DAS SESIÓNS E FUNCÍONS DO CONSELLO NACIONAL  
14
- 15 5.8.- As sesións ordinarias serán convocadas pola persoa portavoz nacional. A  
16 Executiva Nacional establecerá a orde do día das reunións do Consello Nacional.  
17
- 18 5.9.- Poderase convocar, con proposta de orde do día, consello extraordinario polos  
19 lexitimados no artigo anterior, 1/3 dos membros do Consello Nacional ou 1/3 dos  
20 consellos comarcais.  
21
- 22 5.10.- As convocatorias faranse cunha semana de antelación como mínimo. A  
23 Executiva Nacional terá que facilitar aos membros do Consello Nacional, cun mínimo  
24 de 96 horas, a documentación relativa aos diferentes puntos da orde do día. Unha vez  
25 recibida, abrirase un prazo de 48 horas de propostas de modificación, que serán  
26 reenviadas a todos os membros do Consello Nacional para seren debatidas  
27 directamente neste organismo.  
28
- 29 5.11.- As sesións do Consello Nacional estarán presididas pola Executiva Nacional  
30 que designará unha persoa entre os seus membros para os traballos de ordenación  
31 e moderación dos debates.  
32
- 33 5.12.- Son funcións específicas do Consello Nacional:  
34
- 35 5.12.1.- Convocar Asemblea Nacional.  
36
- 37 5.12.2.- Elixir a Comisión de Garantías.  
38
- 39 5.12.3.- Definir a política de alianzas a todos os niveis.  
40
- 41 5.12.4.- Analizar e discutir a marcha política do BNG, e, no seu caso, corríxila ou  
42 ratificala a todos os niveis.  
43
- 44 5.12.5.- Elixir as persoas responsábeis das distintas áreas ou grupos en que estruture  
45 o seu traballo o Consello Nacional.  
46
- 47 5.12.6.- Facer seguimento das tarefas das distintas responsabilidades e áreas de  
48 traballo da Executiva Nacional, das áreas ou grupos de traballo dependentes do  
49 Consello Nacional e das comarcas.  
50
- 51 5.12.7.- Aprobar o orzamento e a rendición de contas cada exercicio.  
52
- 53 5.12.8.- Aprobar os orzamentos das campañas electorais e das campañas específicas

1 a nivel nacional.

2

3 5.12.9.- Aprobar as listaxes electorais e a designación de deputados/as provinciais.

4

5 5.12.10.- Aprobar a inclusión dun novo colectivo dentro do BNG.

6

7 5.12.11.- Aprobar a creación de calquera órgano periódico de expresión pública do  
8 BNG a nivel nacional.

9

10 5.12.12.- Designar, aplicando os procedementos previstos nestas normas:

11 a) A(s) persoa(s) ou o órgano que ostentará a representación xurídica e legal do BNG.

12 b) A(s) persoa(s) integrante(s) do órgano responsábel da xestión económico-financeira  
13 do BNG.

14 c) As persoas integrantes do órgano de prevención e supervisión normativa previsto no  
15 artigo 9 bis da Lei Orgánica de Partidos Políticos.

16

17 5.12.13.- Reestruturar a Executiva e remover as súas funcións.

18

19 5.12.14. De ficar vacante no período interasemblea, escoller portavoz nacional até a  
20 convocatoria de nova asemblea.

21

22 5.12.15.- Debater anualmente un informe sobre a situación organizativa e financeira do  
23 BNG.

24

25 5.12.16.- Adoptar os acordos relativos á Fundación Galiza Sempre previstos nos  
26 seus Estatutos.

27

28 5.12.17.- Aprobar a creación dunha nova comarca ou calquera outra modificación  
29 do mapa comarcal actualmente existente, tras a proposta dos consellos comarcais  
30 ou dos consellos e asembleas locais das zonas afectadas.

31

32 5.12.18.- Crear ou reformar os grupos de traballo sectoriais ou temáticos.

33

34 5.12.19.- Determinar, entre as denominacións rexistradas, a elixida para cada  
35 proceso electoral, que será comunicada á administración electoral a través da  
36 persoa representante xeral. Ademais, poderán adoptarse denominacións  
37 complementarias, mantendo a referencia á común de Bloque Nacionalista Galego  
38 (BNG), para a súa inscrición no Rexistro de Partidos Políticos.

39

40 5.12.20.- Todas aquelas competencias e funcións non atribuídas especificamente a  
41 outro órgano.

42

## 43 **6. DA EXECUTIVA NACIONAL**

44

45 A Executiva Nacional é o órgano de dirección ordinaria do BNG, encargado de  
46 responder e decidir cuestións da acción política cotiá do BNG, sen prexuízo da súa  
47 responsabilidade perante o Consello Nacional. Son funcións específicas da  
48 Executiva executar os acordos adoptados polo Consello Nacional e outras que este  
49 órgano lle asignar por delegación.

50

### 51 **A. DA SÚA COMPOSICIÓN, FORMA DE ELECCIÓN E COMPETENCIAS**

52

53 6.1.- Os compañeiros e as compañeiras integrantes da Executiva deberán

1 integrarse en cando menos unha área de responsabilidades e responderán da súa  
2 actuación perante a Asemblea Nacional, e -no período interasemblemear- perante o  
3 Consello Nacional como órgano soberano do BNG entre asembleas. Estabelécese,  
4 como mínimo, as áreas de organización, finanzas, política institucional, acción  
5 feminista, comunicación, formación e movementos sociais.

6  
7 6.2.- A Executiva Nacional terá 19 membros que deberán integrarse, cando menos,  
8 nunha das áreas de responsabilidade que se conformaren. Fará parte ademais  
9 deste órgano a persoa que ostente a Secretaría Xeral de Galiza Nova en cada  
10 momento.

11  
12 6.3.- O cadro de persoal ao servizo das diferentes responsabilidades e áreas de  
13 traballo da Executiva estará coordinado, á marxe da supervisión que exercer cada  
14 responsábel de área, pola Área de Organización.

15  
16 6.4.- A Executiva nacional presentará, na primeira reunión do Consello nacional  
17 após a Asemblea Nacional, unha proposta -a ratificar, se proceder, por este órgano),  
18 de organización interna, distribución de responsabilidades, e liñas xerais de  
19 actuación en cada unha das súas áreas.

20  
21 6.5.- A convocatoria ordinaria de reunións deste órgano é competencia da Portavocía  
22 Nacional. Xuntarase ordinariamente con periodicidade mínima semanal, nos días que  
23 fixe a propia Executiva.

## 24 25 26 **7. DA PORTAVOCÍA NACIONAL**

27  
28 7.1.- Son funcións da Portavocía Nacional:

29  
30 7.1.1.- Dirixir os traballos da Executiva Nacional do BNG.

31  
32 7.1.2.- Presidir os distintos órganos de decisión e convocar reunións da Executiva e  
33 do Consello Nacional.

34  
35 7.1.3.- Asumir as funcións de máxima representación externa e interna do BNG  
36 actuando como portavoz oficial do BNG en declaracións públicas, correspondéndolle  
37 a transmisión de opinións orgánicas do BNG, e en relacións con outras  
38 organizacións.

## 39 40 41 **8. DA ESTRUTURA TERRITORIAL**

42  
43 O BNG estrutúrase territorialmente en agrupacións comarcais e comarcas, en  
44 localidades, e na emigración.

### 45 46 **A. DAS COMARCAS**

47  
48 8.1.- Para a creación dunha nova comarca do BNG deberá existir unha mínima  
49 dispoñibilidade de recursos e unha estrutura de cadros e unha base suficientemente  
50 ampla, que garanta a vitalidade política e organizativa da nova demarcación.

51  
52 8.2.- Poderán crearse subcomarcas, dotadas de certa autonomía funcional no  
53 ámbito da comarca en que estiveren inseridas, naquelas comarcas que tendo unha

- 1 personalidade socio-xeográfica singular non reúnan os requisitos organizativos  
2 enunciados no punto anterior.  
3
- 4 8.3.- O Consello Nacional será o órgano facultado para aprobar a creación dunha  
5 nova comarca ou calquera outra modificación do mapa comarcal actualmente  
6 existente, após proposta dos consellos comarcais ou dos consellos e asembleas  
7 locais das zonas afectadas.  
8
- 9 8.4.- Poderán constituírse, segundo aconsellaren as necesidades políticas ou  
10 organizativas, grupos de traballo intercomarcais, para o que será preceptiva a  
11 autorización dos órganos nacionais do BNG.  
12
- 13 8.5.- Eventualmente, e cando houber asuntos que así o demandaren, poderán  
14 convocarse encontros (integrados polo conxunto dos membros dos consellos  
15 comarcais dese ámbito) ou asembleas de militantes. En calquera caso, a súa  
16 función será só deliberativa e/ou de formulación de propostas aos órganos nacionais  
17 do BNG. A súa convocatoria deberá ser autorizada pola Executiva Nacional após a  
18 proposta da comisión de coordinación correspondente.  
19
- 20 8.6.- Tamén se poderán constituír órganos de coordinación entre comarcas  
21 limítrofes para problemas comúns que exixiren unha estratexia coordinada por  
22 parte do BNG.  
23
- 24 C. DA ASEMBLEA COMARCAL  
25
- 26 Estará composta por toda a militancia do BNG na comarca, será competente para a  
27 discusión e crítica política en xeral, e todas aquelas cuestións que atinxiren a  
28 expresión da vontade política do BNG na comarca.  
29
- 30 8.7.- A Asemblea Comarcal elixirá a persoa con función de responsábel portavoz  
31 comarcal. Escollerá, asemade, unha persoa vicerresponsábel portavoz encargada de  
32 axudar o/a responsábel portavoz comarcal no exercicio das súas funcións e de o/a  
33 relevar cando for preciso.  
34
- 35 8.8.- Reunirase ordinariamente cunha periodicidade trimestral. A convocatoria farase  
36 cunha antelación mínima de 8 días á data de celebración.  
37
- 38 8.9.- Poderá realizar unha xunta extraordinaria tras a proposta de 1/3 da afiliación ou  
39 por decisión do propio consello comarcal. A convocatoria faraa o consello comarcal  
40 con 2 días de antelación como mínimo.  
41
- 42 8.10.- As asembleas comarcais estarán presididas polo Consello Comarcal ou unha  
43 delegación deste.  
44
- 45 8.11.- As persoas responsábeis portavoces comarcais serán as encargadas de  
46 moderaren os debates das reunións das asembleas e consellos do seu ámbito  
47 territorial.  
48
- 49 8.12.- A Asemblea Comarcal, ou o Consello Comarcal por delegación, é o órgano  
50 facultado para aprobar a constitución de asembleas locais no ámbito desa comarca.  
51
- 52 8.13.- Naqueles asuntos que se xulgaren de máxima relevancia política, os órganos  
53 de dirección nacional, antes de adoptaren unha decisión definitiva, e de ser posíbel

1 por razóns de tempo, solicitarán a convocatoria de asembleas comarcais coa  
2 finalidade de debater entre o conxunto da militancia do BNG sobre estes e coñecer  
3 a súa opinión, ou mesmo para adoptaren decisións nacionais. Neste último suposto,  
4 convocaranse de xeito simultáneo e sumaranse os votos.

5 8.14. En relación coas comarcas que se encontran fóra dos lindes administrativos  
6 da comunidade autónoma, a Executiva Nacional designará responsábeis para a súa  
7 atención política e organizativa.

## 8 9 D. DO CONSELLO COMARCAL

10  
11 O Consello Comarcal é o máximo órgano de dirección do BNG na comarca e  
12 desempeñará a representación pública do BNG. Cando a dimensión e as  
13 necesidades organizativas do BNG así o fixeren necesario, poderá constituírse unha  
14 Executiva Comarcal con funcións semellantes, no seu ámbito territorial, ás da  
15 Executiva Nacional.

16  
17 8.15.- Estará composto polas persoas elixidas pola Asemblea Comarcal, as  
18 responsábeis portavoces locais e unha representante de Galiza Nova. Os membros  
19 elixidos pola Asemblea Comarcal representarán, cando menos, o 50% do total,  
20 incluídos a persoa responsábel e a vicerresponsábel portavoz comarcal.

21  
22 8.16.- O Consello Comarcal xuntarase, como mínimo, con carácter mensual. Poderase  
23 reunir con carácter extraordinario tras a convocatoria da persoa responsábel comarcal  
24 ou a solicitude de 1/3 dos membros do Consello Comarcal.

25  
26 8.17. - Son funcións específicas do Consello Comarcal as seguintes:

27  
28 8.17.1.- Executar e concretar as liñas de actuación política a nivel comarcal.

29  
30 8.17.2.- Convocar as asembleas comarcais.

31  
32 8.17.3.- Aprobar o orzamento e a rendición de contas de cada exercicio para a súa  
33 presentación á asemblea comarcal e posterior envío ao Consello Nacional.

34  
35 8.17.4.- Aprobar os planos de traballo, áreas de responsabilidade e o nomeamento das  
36 persoas responsábeis destas.

37  
38 8.17.5.- Aprobar, se proceder, as peticións de alta no BNG.

39  
40 8.18.- A mecánica e normas que rexen a elección dos membros do Consello  
41 Comarcal, dimisións e substitucións etc., é a mesma que se establece para os  
42 órganos nacionais.

43  
44 8.19.- Galiza Nova, atendendo ao seu carácter de organización autónoma da  
45 mocidade do BNG, contará cunha persoa representante neste órgano.

46  
47 8.20.- O Consello Comarcal deberá contar, como mínimo, con responsábeis de  
48 Organización, Finanzas, Acción Municipal, Acción Feminista e Comunicación. A persoa  
49 responsábel portavoz comarcal é a máxima representante política do BNG na  
50 comarca.

51

1 8.21.- O traballo do Consello Comarcal poderá verse auxiliado pola existencia de  
2 grupos de traballo sectoriais.

3

4 8.22.- No caso de se producir a renuncia dun ou dunha responsábel ou vice-  
5 responsábel comarcal ou local será o propio órgano o que elixa de entre os seus  
6 membros a persoa substituta, que exercerá a función até a realización do seguinte  
7 proceso de renovación deste.

8

#### 9 E. DA ASEMBLEA LOCAL

10

11 A Asemblea Local é o órgano básico da organización territorial do BNG. Calquera  
12 persoa afiliada ao BNG estará encadrada nunha asemblea local. As súas funcións e  
13 composición serán as mesmas que as da Asemblea Comarcal, circunscritas ao ámbito  
14 territorial da Asemblea Local, correspondéndolle, ademais, a elección da persoa  
15 responsábel local, que desempeñará a representación da Asemblea Local no Consello  
16 Comarcal.

17

18 8.23.- Será a Asemblea Comarcal, ou o Consello Comarcal por delegación, o órgano  
19 encargado de aprobar a constitución de asembleas locais, atendendo a criterios de  
20 base militante, necesidade política e capacidade organizativa.

21

22 8.24.- De non se poder constituír unha asemblea local, as persoas afiliadas estarán  
23 integradas na asemblea local máis próxima ou varios concellos limítrofes poderán  
24 constituír unha única asemblea local en tanto non acadaren dimensión suficiente.  
25 Será, en todo caso, o Consello Comarcal o órgano facultado para aprobar este  
26 ordenamento.

27

28 8.25.- O cambio de comarca dunha localidade debe ser aprobado polo Consello  
29 Nacional.

30

31 8.26.- Poderán así mesmo existir, para os efectos de vehiculizar o traballo, grupos de  
32 base de barrio, parroquiais ou municipais, baixo a supervisión dos órganos locais ou  
33 comarcais do BNG.

34

#### 35 F. DO CONSELLO LOCAL

36

37 Naquelas localidades onde a dimensión organizativa do BNG e as necesidades de  
38 traballo así o demandaren, deberá constituírse un consello local. O seu funcionamento  
39 e composición rexeráse polos mesmos criterios que o consello comarcal mais referido  
40 á localidade. A persoa responsábel local formará parte do consello comarcal e será a  
41 representante da localidade neste órgano.

42

43 8.27.- A mecánica e as normas que rexen a elección dos membros do consello local,  
44 dimisións e substitucións etc. é a mesma que se establece para os consellos nacional  
45 e comarcal.

46

47 8.28.- Galiza Nova contará cunha persoa representante no consello local.

48

49 8.29.- Dependentes do consello local poderán existir grupos de traballo.

50

51 8.30.- A constitución dun novo consello local será aprobada pola asemblea comarcal  
52 ou o consello comarcal por delegación, após a petición da asemblea local



1 correspondente.

2

### 3 G. DA EMIGRACIÓN

4

5 8.31. Pola súa singularidade, a estrutura do BNG na emigración contará cun método  
6 específico -tamén telemático- para o proceso de debate político e toma de decisión.  
7 Contará cun regulamento propio de funcionamento e organización territorial, que será  
8 aprobado pola Executiva Nacional tras a proposta da estrutura na emigración, que  
9 incluíra facilitar a súa participación na toma de decisión de ámbito nacional.

10

### 11 **9. DA ESTRUCTURA SECTORIAL**

12

13 9.1.- A Comisión Nacional de Organización estará integrada polas persoas  
14 responsábeis da Área de Organización e as persoas responsábeis comarcais. Esta  
15 comisión terá como principais cometidos a coordinación e o seguimento na  
16 aplicación dos acordos adoptados polos órganos nacionais do BNG, a definición das  
17 actuacións precisas para aumentar a presenza social da nosa organización,  
18 incrementar a afiliación e mellorar o traballo político.

19

20 9.2.- Dependente da Área de Acción Institucional da Executiva Nacional  
21 constituirase un Grupo de traballo de Política Municipal. Serán funcións deste grupo  
22 de traballo coordinar actuacións e elaborar ditames sobre os distintos asuntos da  
23 vida diaria das institucións locais. Integrará o grupo a persoa responsábel nacional  
24 de Acción Municipal, responsábeis comarcais de acción municipal e representantes  
25 do BNG nos distintos ámbitos da administración local (concellos, deputacións,  
26 FEGAMP).

27

28 9.3.- Os grupos de traballo sectoriais terán carácter aberto e participativo. As súas  
29 funcións serán as seguintes:

30

31 a) Actuar como marcos de colaboración e apoio ao traballo político do BNG nos  
32 diversos ámbitos. As persoas responsábeis dos diferentes grupos de traballo serán  
33 referentes públicos da organización, quer por representaren o BNG neste ámbito,  
34 quer por compareceren publicamente expresando as posicións do BNG ao respecto.

35

36 b) Debater e definir propostas de políticas temáticas que deba desenvolver o BNG,  
37 contribuíndo á elaboración, á unificación e á homologación da nosa política e do  
38 noso discurso dos grandes temas nos ámbitos de cada unha delas, e trasladando as  
39 propostas que deste proceso se derivaren aos órganos de dirección do Bloque para  
40 a súa toma en consideración e aprobación, se proceder.

41

42 9.4.- O Consello Nacional, por iniciativa propia ou a petición dun grupo de militantes, é  
43 o órgano facultado para aprobar a creación de cada grupo de traballo.

44

45 9.5.- Todas as persoas militantes teñen dereito a pertenceren a un ou varios grupos  
46 de traballo que, así mesmo, estarán abertos á participación de simpatizantes e  
47 membros de movementos e organizacións sociais, en especial das que teñan  
48 carácter nacionalista. Poderanse articular ferramentas dixitais para mellorar o seu  
49 funcionamento e favorecer a participación.

50

51 9.6.- Os órganos nacionais do BNG darán conta ao conxunto das persoas afiliadas

1 dos grupos de traballo nacionais constituídos en cada período interassemblear,  
2 convidándoas a participaren naqueles que foren do seu interese. As persoas  
3 interesadas deberán notificar á estrutura nacional do BNG, nos prazos que se  
4 estableceren, o seu desexo de se adscribiren a un ou varios grupos de traballo  
5 nacionais, co obxecto de elaborar un censo de membros destes.

6

7 9.7.- As persoas responsábeis dos grupos de traballo comarcais serán membros  
8 natos do correspondente grupo nacional.

9

10 9.8.- Os grupos de traballo nacionais poderán programar encontros nacionais  
11 temáticos para analizar a problemática das distintas áreas de intervención socio-  
12 política e debater propostas de actuación. Terán un carácter aberto a toda a  
13 militancia e persoas simpatizantes interesadas. A súa convocatoria debe ser  
14 autorizada pola Executiva Nacional.

15

## 16 **10. DAS CONSULTAS NACIONAIS**

17 10.1. O Consello Nacional poderá establecer métodos de consulta nacional á  
18 militancia co fin de fixar posición en cuestións de significativa relevancia política ou  
19 organizativa que, pola súa urxencia e ao non se teren previsto nos acordos da  
20 Asemblea Nacional, deban tomarse.

21

## 22 **11. DA COMISIÓN DE GARANTÍAS**

23

24 A Comisión de Garantías é o órgano encargado da defensa e garantía dos dereitos  
25 das persoas afiliadas e de velar polo respecto ás normas de funcionamento do BNG.  
26 Os seus membros serán elixidos polo Consello Nacional entre persoas que non  
27 pertenceren ao propio Consello. As propostas do Consello Nacional serán transmitidas  
28 ás asembleas comarcais para seren ratificadas, e estas poden recusar algún membro.

29

30 As súas funcións, por tanto, son:

31 a) Asegurar e facer cumprir os dereitos da militancia por parte dos restantes órganos e  
32 cargos do BNG.

33 b) Ditaminar se as sancións ou medidas disciplinarias que se aplicaren se axustan ou  
34 non aos principios organizativos e ao ordenamento estatutario do BNG.

35 c) Velar polo cumprimento e pola execución dos acordos da asemblea nacional en  
36 comunicación coa dirección política do BNG.

37

38 11.1.1.- A Comisión de Garantías estará integrada por 6 membros titulares e 4  
39 suplentes; para a súa elección por parte do Consello Nacional será preciso o voto  
40 afirmativo da maioría absoluta dos membros do organismo.

41

42 11.1.2.- As persoas suplentes substituirán por orde de designación as titulares que  
43 dimitiren ou causaren baixa na Comisión de Garantías.

44

45 11.1.3.- Caso de se dirimiren asuntos cos que unha persoa membro da Comisión de  
46 Garantías tiver relación directa ou for, á súa vez, membro do órgano sancionador, esta  
47 terá de ser substituída por unha suplente.

48

49 11.1.4.- A Comisión de Garantías non admitirá a trámite as peticións de amparo,

1 solicitudes ou recursos que nas alegacións presentadas non se axustaren ao ámbito  
2 competencial deste órgano.

3

4 11.1.5.- Nas resolucións da Comisión de Garantías será necesario o voto afirmativo  
5 dunha maioría cualificada dos 2/3 dos membros do organismo.

6

7 11.1.6.- A Comisión de Garantías constituirase no prazo máximo de tres meses tras a  
8 realización da Asemblea Nacional. Na súa primeira reunión nomeará unha persoa  
9 como secretaria que se encargará de convocar as reunións, moderar os debates e  
10 comunicarse coas persoas interesadas.

11

12 11.1.7.- No caso de que calquera persoa afiliada ao BNG, en defensa dos seus  
13 dereitos estatutarios e ao abeiro do previsto nestas Normas de Funcionamento, acuda  
14 á Comisión de Garantías solicitando a defensa e amparo dos seus dereitos como  
15 afiliada, esta comisión demandará das persoas interesadas, así como dos órganos  
16 correspondentes implicados, os informes e/ou alegacións, que deberán ser entregadas  
17 á comisión no prazo máximo de 15 días desde a solicitude. A Comisión de Garantías  
18 poderá, ademais, solicitar a comparecencia das persoas interesadas e as aclaracións  
19 ou informes complementarios que estimar oportuno. Estas demandas atenderanse sen  
20 dilación.

21

22 11.1.8.- O prazo para a resolución destas solicitudes será dun mes desde o comezo da  
23 instrución e será comunicada por escrito ás persoas interesadas.

24

25 11.1.9.- No caso da presentación dirixida á Comisión de Garantías de reclamacións ou  
26 recursos contra accións disciplinarias adoptadas polos órganos competentes do BNG,  
27 a tramitación e a resolución axustaranse ao disposto nas disposicións estatutarias  
28 relativas ao réxime e o procedemento disciplinario.

29

## 30 **12. DO RÉXIME DISCIPLINARIO NO BNG**

31

### 32 **A) RÉXIME DISCIPLINARIO**

33

34 12.1.1.- Calquera actuación atentatoria contra os principios do BNG, ou calquera  
35 persoa afiliada que incumprise cos seus deberes para coa organización ou que coa  
36 súa conduta pública ou privada menoscabe ou atente contra os seus principios, ou que  
37 cometa calquera violación flagrante do ordenamento estatutario, será obxecto do  
38 correspondente expediente disciplinario do que se dará audiencia, de acordo co  
39 procedemento previsto nas presentes Normas de Funcionamento.

40

41 12.1.2.- As infraccións clasificaranse en moi graves, graves ou leves:

42

43 12.1.3.- Consideraranse infraccións moi graves:

44 a) A falta de consideración grave, insultos, ameazas ou mostras de desprezo a  
45 militantes que posúan cargos orgánicos ou pertencen a órganos colexiados da  
46 organización, así como a persoas que exerzan cargos públicos e fosen elixidas en  
47 listaxes electorais.

48 b) A negativa á aplicación dos acordos adoptados por órganos do BNG conforme a  
49 estas Normas de Funcionamento, cando diso derivaren posicións públicas, a través de  
50 expresións ou divulgacións públicas, que prexudiquen a imaxe e posición da  
51 organización política.

52 c) A permanencia en cargos públicos de designación indirecta, cando os órganos do  
53 BNG solicitaren o abandono do cargo.

- 1 d) O abandono absoluto das funcións ou responsabilidades cando se desempeñaren  
2 cargos orgánicos ou públicos do BNG, e diso se derivaren consecuencias públicas  
3 prexudiciais para a organización política.
- 4 e) A reincidencia na comisión de infraccións graves, ao ser sancionada unha persoa  
5 nun prazo de dous anos por dúas ou máis infraccións graves.
- 6
- 7 12.1.4.- Consideraranse infraccións graves:
- 8 a) A falta de respecto ou consideración leve a militantes que posúan cargos orgánicos  
9 ou pertencen a órganos colexiados do BNG, así como a persoas que teñan cargos  
10 públicos e fosen elixidas en listaxes electorais.
- 11 b) A negativa á aplicación dos acordos adoptados por órganos da organización  
12 conforme a estas Normas de Funcionamento, sen que iso leve unha posición  
13 expresada ou difundida publicamente.
- 14 c) O abandono de funcións ou responsabilidades cando se desempeñaren cargos  
15 orgánicos ou públicos do BNG, que non impliquen consecuencias públicas  
16 prexudiciais para a organización.
- 17 d) A negativa a acatar e aplicar acordos orgánicos do BNG, que supoñan unha  
18 contravención á liña política aprobada que comporte a difusión pública e leves  
19 consecuencias negativas públicas para a organización.
- 20 e) A reincidencia na comisión de infraccións leves, ao ser sancionada unha persoa nun  
21 prazo de dous anos por tres ou máis infraccións leves.
- 22
- 23 12.1.5.- Consideraranse infraccións leves:
- 24 a) A negativa a acatar e aplicar acordos orgánicos do BNG, que impliquen unha  
25 contravención á liña política aprobada sen consecuencias públicas.
- 26 b) A falta de asistencia reiterada a reunións de órganos da organización, no caso de  
27 ocupar cargos de representación pública e despois de ser advertido diso.
- 28
- 29 12.1.6.- As sancións consistirán en amoestación, suspensión temporal da militancia ou  
30 a baixa definitiva como militante do BNG.
- 31 a) A sanción de amoestación poderá imporse ás faltas leves ou graves.
- 32 b) A sanción de suspensión temporal poderá imporse ás faltas graves ou moi graves.
- 33 c) A sanción de baixa definitiva poderá imporse exclusivamente ás faltas moi graves.
- 34
- 35 B) COMPETENCIA DISCIPLINARIA
- 36
- 37 12.2.1.- En cuestións disciplinarias que non superaren o ámbito da comarca, decidirá o  
38 consello comarcal correspondente.
- 39
- 40 12.2.2.- As sancións colectivas serán competencia en primeira instancia do Consello  
41 Nacional do BNG, de oficio ou tras a instancia dun órgano do BNG, así como as que  
42 afectaren a calquera membro deste órgano.
- 43
- 44 12.2.3.- En consecuencia, o Consello Nacional tamén será o órgano competente en  
45 primeira instancia na disolución de organismos territoriais por cuestións disciplinarias,  
46 co conseguinte nomeamento dos órganos xestores encargados da reorganización do  
47 BNG na comarca ou localidade afectada.
- 48
- 49 12.2.4.- O Consello Nacional é o órgano competente na expulsión de colectivos da  
50 Fronte.
- 51
- 52 12.2.5.- Contra as sancións impostas en primeira instancia polos órganos estatutarios  
53 previstos nos apartados precedentes caberá recurso perante o órgano

1 inmediatamente superior, de acordo coa seguinte relación xerárquica: o Consello  
2 Comarcal sométese á Asemblea Comarcal, e esta ao Consello Nacional.  
3 As decisións disciplinarias adoptadas en vía de recurso poderán ser revisadas e  
4 ditaminadas se son acordos coas previsións estatutarias directamente pola Comisión  
5 de Garantías, no caso de as persoas interesadas acudiren a este órgano.  
6 No caso de sancións impostas en primeira instancia polo Consello Nacional, o recurso  
7 interporase perante a Comisión de Garantías directamente.

8

### 9 C) PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO

10

11 12.3.1.- O procedemento disciplinario iniciarase por parte do responsábel comarcal  
12 da comarca á que pertenceren as persoas afiliadas obxecto de expediente. No caso  
13 de ser competencia do Consello Nacional, será a persoa responsábel da área de  
14 organización, ou no caso de incompatibilidade, a persoa que designe a persoa titular  
15 da Portavocía Nacional entre membros da propia Executiva Nacional.

16

17 12.3.2.- A apertura do expediente disciplinario será comunicada por escrito de forma  
18 fidedigna á(s) persoa(s) interesada(s), indicando as accións por que se consideran  
19 vulnerados os principios do BNG. Neste escrito ademais, designarase unha persoa  
20 instrutora e outra como secretaria do expediente, que haberán de ser militantes do  
21 BNG dunha comarca distinta á que pertenza a(s) persoa(s) afiliada(s) contra quen  
22 se inicia o expediente.

23

24 12.3.3.- A(s) persoa(s) afiliada(s) terá(n) un período mínimo de sete días e máximo  
25 de quince días para alegar o que considere(n) conveniente e achegar as probas na  
26 súa defensa que, en caso de necesitar un período de práctica, non poderá  
27 estenderse por un período superior a sete días.

28

29 12.3.4.- Unha vez practicadas as probas, a persoa instrutora deberá formular a súa  
30 proposta de resolución no prazo de sete días, que será trasladada á persoa afiliada,  
31 que poderá formular de novo alegacións por un prazo máximo de sete días.

32

33 12.3.5.- A persoa instrutora remitirá o expediente así tramitado ao órgano  
34 competente para a súa resolución no prazo máximo de tres días desde a  
35 culminación do último trámite.

36

37 12.3.6.- A resolución será motivada e notificada á persoa interesada, que poderá  
38 interpor os recursos previstos nestas Normas de Funcionamento. Unha vez  
39 esgotadas as vías de impugnación, en todo caso, a(s) persoa(s) interesada(s)  
40 poderá(n) apelar á Comisión de Garantías Disciplinarias no prazo dun mes desde a  
41 súa notificación.

42

### 43 D) APELACIÓN PERANTE A COMISIÓN DE GARANTÍAS DE SANCIÓN 44 DISCIPLINARIAS

45

46 12.4.1.- No caso de que as persoas afiliadas sancionadas, esgotados os recursos  
47 ordinarios da organización, decidan apelar perante a Comisión de Garantías,  
48 deberán remitir un escrito fundado, cos antecedentes, cos datos e coa información  
49 precisa no prazo máximo dun mes desde que foi notificada a decisión.

50

51 12.4.2.- Unha vez interposta a apelación pola(s) persoa(s) interesada(s), a Comisión  
52 de Garantías actuará de acordo co seguinte procedemento:

53 1º. Demandará que por parte da(s) persoa(s) interesada(s), como dos órganos do

1 BNG, se poñan de manifesto as alegacións e informes que se estimaren oportunos  
2 por un prazo común de 15 días, así como as propostas de proba adicionais.  
3 2º. No seu caso, poderanse practicar as probas admitidas, cando non foren  
4 reiterativas ou duplicaren actuacións que consten xa nos expedientes.  
5 3º. Poderá solicitar a comparecencia das persoas interesadas, para os efectos de  
6 realizar persoalmente as aclaracións ou informes complementarios que estimar  
7 oportuno.  
8 4º. Resolverá, de forma motivada, no prazo máximo dun mes desde o inicio da  
9 instrución no seo da Comisión de Garantías, comunicando de forma fidedigna por  
10 escrito a súa decisión a todas as persoas interesadas.

11  
12 12.5.- Galiza Nova rexerá no réxime de dereitos e obrigas dos/as seus/súas  
13 militantes polos mesmos principios xenéricos que rexen no BNG, adaptados ao seu  
14 ámbito específico de actuación. En caso de conflito competencial entre os órganos  
15 comarcais do BNG e Galiza Nova, resolverá o Consello Nacional do BNG.

16  
17

### 18 **13. DA TOMA DE DECISIONS E O FUNCIONAMENTO DOS ORGANOS EN XERAL**

19

20 Todas as decisións dos diversos órganos do BNG serán adoptadas por maioría simple  
21 das persoas presentes. O quórum de constitución para considerar válidos os acordos  
22 dos distintos órganos de dirección será o da metade máis un dos seus membros. O  
23 quórum de constitución para considerar válidos os acordos das asembleas será o da  
24 metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria e media hora despois  
25 sexa cal for a asistencia.

26

27 13.1.- As reunións de todos os órganos do BNG deben ser convocadas por escrito e  
28 deberán incluír na convocatoria a orde do día.

29 Nos distintos órganos colexiados, antes de proceder á votación dos asuntos da orde  
30 de día, deberá expoñerse razoadamente a proposta que se somete a votación e,  
31 posteriormente, habilitar unha quenda de intervencións onde se detallen, en primeiro  
32 termo, os argumentos en contra da totalidade da proposta e, en segundo termo, as  
33 achegas ou suxestións de modificación ou supresión parcial da proposta. No caso de  
34 propostas cuxo contido se distribúa con antelación á xuntanza do órgano, poderán  
35 tamén presentarse as propostas alternativas antes do debate e, nese caso,  
36 distribuiranse previamente ao inicio da sesión a todos os membros do órgano.

37 No caso de que a proposta se formule na propia sesión do órgano, haberá unha  
38 quenda para que as persoas participantes presenten alternativas, á totalidade ou en  
39 parte.

40 As quendas de intervencións permitirán en todo caso, que as persoas que formulen  
41 alternativas podían expoñelas directamente no órgano, e posteriormente, unha vez  
42 fixada a posición polas persoas propoñentes, que calquera membro do órgano poida  
43 intervir para expresar a súa opinión.

44

45 13.2.- Darase publicidade dos seus acordos ao conxunto dos seus membros.

46

47 13.3.- Existirán libros de actas de reunións de órganos nacionais, comarcais e locais.  
48 Os órganos locais deben enviar unha copia da acta ou a comunicación de acordos das  
49 súas reunións ao Consello Comarcal despois da súa aprobación. Os órganos  
50 comarcais e a estrutura na emigración farán o propio e, por tanto remitirán unha copia  
51 da acta das súas reunións ou comunicación de acordos á Executiva Nacional.

52

53 13.4.- Todos os órganos de dirección do BNG deben redactar a acta da súa

1 constitución, onde detallarán os datos completos das persoas que os integran e a  
2 distribución de responsabilidades. Tamén deberán informar por escrito puntualmente  
3 dos cambios que se produciren na súa composición e na distribución de  
4 responsabilidades.

5  
6 13.5.- Sempre que o solicitar o 20% das persoas presentes, as votacións dos órganos  
7 serán secretas.

8  
9 13.6.- O Consello Nacional poderá, con carácter consultivo, convocar referendos  
10 para coñecer a posición do conxunto da base social do BNG sobre unha cuestión  
11 determinada. Estas consultas poderán ser restrinxidas á afiliación ou abertas ás  
12 persoas simpatizantes.

13  
14 13.7.- O BNG dotarase dunha estrutura estábel de persoas simpatizantes e  
15 colaboradoras. A persoa simpatizante ou colaboradora debe recibir información  
16 regular das posicións políticas e da actividade xeral do BNG, ser convocada ás  
17 asembleas locais que se realizaren, poder participar nos grupos de traballo que  
18 derivaren de organismos locais, ser escoitada polos órganos de dirección local ou  
19 comarcal, asistir a actividades e xuntanzas de carácter comarcal ou nacional para  
20 temas ou cuestións de carácter específico e tomar parte nas decisións de ámbito local,  
21 agás incompatibilidades estatutarias.

#### 22 23 24 **14. DAS PERSOAS RESPONSÁBEIS ORGÁNICAS E INSTITUCIONAIS DO BNG**

25  
26 14.1.- A composición de todas as listaxes para a elección dos órganos de dirección,  
27 así como as listaxes electorais contarán cunha porcentaxe non superior ao 60%, nin  
28 inferior ao 40% para cada un dos xéneros, no camiño de acadar a plena paridade  
29 intercalada. Esa mesma porcentaxe deberá reflectirse nos cinco primeiros postos de  
30 calquera listaxe electoral.

31  
32 14.2.- O órgano competente para aprobar as listaxes electorais e designar  
33 representantes institucionais é o Consello Nacional.

34  
35 14.3.- Nas eleccións locais, as asembleas locais, vía consellos comarcais, trasladarán  
36 propostas de listaxe ao Consello Nacional, para a súa ratificación, se proceder, por  
37 este órgano.

38  
39 14.4.- No caso da elección de deputados/as provinciais, as persoas afiliadas ao BNG  
40 dos concellos da zona electoral correspondente, reunidas en asemblea, realizarán  
41 propostas de candidatos/as para a súa consideración polo Consello Nacional.

42  
43 14.5.- O BNG tenderá a evitar a acumulación de cargos públicos electivos por parte  
44 dunha mesma persoa. Así, establécese un réxime de incompatibilidades que impide  
45 compatibilizar máis dun cargo institucional.

46  
47 14.6.- Nos concellos de máis de 25.000 habitantes será incompatíbel que unha  
48 mesma persoa sexa portavoz do grupo municipal ou alcalde/esa e responsábel local  
49 do BNG.

50  
51 14.7.- Establécese un límite de 3 mandatos consecutivos na mesma función, tanto  
52 no que atinxe a responsábeis orgánicos como institucionais.

1 14.8.- O Consello Nacional é o único órgano facultado para, atendendo a  
2 necesidades políticas ou organizativas imperiosas, establecer excepcións á  
3 aplicación destas medidas.

4  
5 14.9.- Son obrigas das persoas representantes electas do BNG a defensa dos dereitos  
6 e intereses do pobo galego e o servizo aos/ás electores/as, polo que deberán dar  
7 conta da súa actuación no exercicio do cargo.

8  
9 14.10.- As persoas elixidas como representantes públicas do BNG defenderán unha  
10 política acorde coa definida polo Consello Nacional e os órganos de dirección  
11 comarcal e local do BNG e teñen o deber político de informaren e renderen contas da  
12 súa actividade. Para alén diso, terán o seu cargo permanentemente á disposición da  
13 Fronte. Ademais, aceptarán previamente de forma expresa os principios éticos e  
14 políticos do BNG, así como da súa Carta Financeira para acceder a un cargo público  
15 en representación do BNG.

## 16 **15. DAS FINANZAS E DA ADQUISICION DE BENS E SERVIZOS**

17  
18  
19 15.1.- O réxime económico e financeiro axustarase ao establecido na normativa  
20 orgánica sobre financiamento de partidos políticos.

21  
22 15.2.- As obrigas contábeis que permitan facer seguimento en todo momento da  
23 situación económica-financiera do BNG serán as que establece o Título IV da *Lei*  
24 *Orgánica 8/2007, do 4 de xullo, de financiamento de partidos políticos.*

25 A contabilidade comarcal levarase de acordo coas indicacións do órgano  
26 responsábel da xestión económico-financiera. En todo caso, será preceptiva a  
27 existencia da levanza dos libros contábeis previstos na normativa aplicábel, o  
28 establecemento dun sistema de control interno de intervención e contabilización  
29 dos actos económicos de acordo co artigo 14 da *Lei Orgánica 8/2007, do 4 de xullo,*  
30 *de financiamento de partidos políticos* e, en todo caso da emisión de partes de  
31 finanzas mensuais que darán conta dos movementos de gastos e ingresos da  
32 comarca, de que se informará ao consello e á asemblea correspondente. Na  
33 contabilidade comarcal, xa que logo, deben estar incluídos os gastos e ingresos  
34 feitos polas localidades.

35 Os órganos nacionais do BNG poderán acceder aos libros de contas e ao control dos  
36 movementos bancarios das contas comarcais do BNG para recompilar información  
37 cando o consideraren oportuno.

38  
39 15.3.- Anualmente aprobaranse os orzamentos nacionais que deberán ser sometidos á  
40 aprobación do Consello Nacional do BNG. Xunto coa aprobación tamén será remitida  
41 a rendición de contas e a liquidación do orzamento do exercicio precedente.

42  
43 15.4.- O Consello Nacional tamén será competente para a aprobación dos orzamentos  
44 das campañas electorais, así como da liquidación e rendición das súas contas, tras a  
45 presentación pola persoa administradora electoral.

46  
47 15.5.- Será preceptivo tamén a elaboración por parte das comarcas de orzamentos e  
48 balances anuais, aprobados polos órganos comarcais de dirección, que serán  
49 presentados perante a Área de Organización.

50  
51 15.6.- Anualmente, na web do BNG publicaranse ao mes seguinte desde o envío ao  
52 Tribunal de Contas o balance, a conta de resultados e os créditos pendentes de  
53 amortización indicando a entidade financeira, o importe dos préstamos, xuros e o



1 prazo de amortización. Ademais publicarase na web a concesión de subvencións,  
2 doazóns e legados por importe superior a 25.000 euros/ano, con referencia á persoa  
3 outorgante.

4 Unha vez emitido, no seu caso, o informe polo Tribunal de Contas da fiscalización  
5 realizada, publicarase na web dentro dos quince días despois da súa recepción.

6 Unha vez realizados os procesos electorais, e rendidas contas no Consello Nacional,  
7 publicaranse na web os orzamentos de gastos e ingresos de campaña, que  
8 desagregarán as partidas e os préstamos solicitados e o prazo de amortización.  
9 Tamén se difundirá na web, unha vez sexa emitido no seu caso, o informe de  
10 fiscalización aprobado polo órgano competente de verificar a regularidade dos gastos  
11 electorais.

12

13 15.7.- As cotas das persoas afiliadas do BNG aboaranse por domiciliación bancaria,  
14 agás casos excepcionais e xustificados en que será preceptiva a autorización do  
15 Consello Comarcal.

16 Os consellos comarcais, tras a petición das persoas solicitantes e atendendo ás súas  
17 circunstancias económicas, poderán eximir do pago da cota ou establecer unha cota  
18 reducida, para as persoas afiliadas con menos ingresos.

19

20 15.8.- Na Carta Financeira aprobada polo Consello Nacional, figurarán a distribución  
21 das achegas de cargos representativos, das comarcas e dos grupos parlamentares e  
22 políticos das entidades locais ao orzamento do BNG, a nivel nacional e comarcal.

23

24 15.9.- O BNG ostentará a titularidade de todos os locais, contas e bens con que opera  
25 nos diferentes ámbitos territoriais, ou no seu defecto, a persoa ou persoas que o BNG  
26 definir.

27

28 15.10.- A adquisición ou o aluguer de locais, apertura de contas e negociación de  
29 créditos bancarios, así como a adquisición de bens e servizos por importe superior a  
30 6.000 euros debe ser autorizada pola Executiva Nacional do BNG. As solicitudes, xa  
31 que logo, deben ser presentadas por escrito perante este órgano, debidamente  
32 argumentadas e orzadas.

33

34 15.11.- A explotación dos produtos promocionais do BNG e o uso da marca do BNG é  
35 competencia exclusiva da organización nacional. Calquera comarca que quixer editar  
36 este tipo de produtos deberá solicitar antes autorización.

37

38 15.12.- Ao abeiro do establecido no artigo 14 bis da *Lei Orgánica 8/2007, do 4 de*  
39 *xullo, de financiamento de partidos políticos*, o Consello Nacional, despois de cada  
40 Asemblea Nacional, designará a persoa responsábel da xestión económico-financiera  
41 da organización, que velará pola correcta levanza das finanzas, da contabilidade e da  
42 súa rendición nos termos previstos nestes Estatutos e na normativa vixente de  
43 aplicación.

44 En especial, ademais das funcións reguladas no apartado catro do artigo citado, será a  
45 persoa responsábel directa de autorizar os gastos e efectuar os pagamentos que se  
46 acordaren con cargo ao orzamento nacional, e supervisar as autorizacións e  
47 pagamentos dos orzamentos comarcais, e poderá designar e autorizar as persoas  
48 habilitadas para figuraren como autorizadas nas contas bancarias abertas a nome do  
49 BNG.

50 No caso de renuncia ou vacante, o Consello Nacional deberá designar a persoa  
51 substituta na sesión inmediatamente posterior a se producir.

52

53 15.13.- A persoa responsábel da xestión económico financeira, ademais de estar

1 asistida pola estrutura que determine a área de organización e/ou finanzas da  
2 Executiva Nacional, velará pola existencia e polo funcionamento adecuado do sistema  
3 de control interno de intervención e contabilización dos actos e dereitos económicos  
4 da actividade do BNG.

## 6 **16. DA TRANSPARENCIA**

8 16.1. O BNG avanzará, en congruencia cos seus principios éticos de actuación, en  
9 medidas que supoñan maior transparencia, en concreto no relativo á súa  
10 representación institucional e ao estado e evolución da súas finanzas.

12 16.2. O BNG publicará as súas fontes de financiamento, o código ético dos seus  
13 cargos públicos, o organigrama e perfil das persoas que ocuparen os diferentes  
14 órganos, os estatutos e dereitos da afiliación, o balance de contas anuais e canta outra  
15 información de interese se considerar.

## 17 **17. DOS CADROS POLÍTICOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA, A 18 REMUNERACIÓN DOS CARGOS INSTITUCIONAIS E O PERSOAL AO SERVIZO 19 DO BNG**

21 17.1.- A "liberación" de cadros ou militantes do BNG para a súa dedicación en  
22 exclusiva á actividade política e a contratación de persoal para funcións técnicas ou  
23 administrativas debe ser aprobada pola Executiva Nacional do BNG sexa a súa  
24 función nacional, comarcal ou local.

26 17.2.- A Executiva Nacional determinará a distribución dos ingresos que percibiren os  
27 cargos institucionais do BNG en concepto de salarios, dietas, asignacións a grupos  
28 parlamentares e municipais etc.

30 17.3.- O persoal ao servizo do BNG, pertenza ao cadro de persoal nacional, comarcal  
31 ou local, rexerese polas condicións contractuais que os órganos nacionais do BNG  
32 definiren para os seus traballadores e as súas traballadoras e ao réxime de dereitos e  
33 deberes incluídos na lexislación laboral. A Área de Organización levará as relacións co  
34 persoal.

36 17.4.- As persoas militantes do BNG terán preferencia nas contratacións internas e  
37 verán garantidos todos os seus dereitos. O BNG establecerá uns mecanismos de  
38 selección uniformes para todos os procesos, en todas as instancias tanto  
39 institucionais, como orgánicas e territoriais. Os procesos deberán garantir os  
40 principios de igualdade, mérito e capacidade e deberán ser publicitados para que  
41 calquera militante que, cumprindo os requisitos exixidos, desexar acceder ao posto,  
42 teña posibilidade de o facer.

## 44 **18. CONTROL DEMOCRÁTICO DE DIRIXENTES E CADROS POLÍTICOS**

45 18.1.- As persoas que desempeñaren cargos orgánicos, representativos e as que  
46 foren cadros políticos do BNG deberán someterse á rendición de contas e control  
47 democrático, a través da súa presenza e comparecencia perante os órganos do  
48 BNG, cando foren requiridas para iso.

49 18.2.- Para estes efectos, a comparecencia será acordada no ámbito comarcal  
50 correspondente, e no caso de cargos do Consello Nacional ou representantes  
51 electos cuxa designación corresponda ao Consello Nacional será acordada pola

1 Executiva Nacional.

2 18.3.- Despois da comparecencia, o órgano competente adoptará a resolución que  
3 se propoña ao órgano, por maioría das persoas presentes, e respectando as regras  
4 de deliberación e acordo xeral prevista para os órganos colexiados prevista nestes  
5 Estatutos.

6

## 7 **19. COMISIÓN DE PREVENCIÓN E CONTROL INTERNO**

8

9 19.1.- Para os efectos do previsto no artigo 9 bis da *Lei Orgánica 6/2002, do 27 de*  
10 *xuño, de partidos políticos*, crease unha Comisión de Prevención e Control Interno,  
11 que terá como misión principal evitar condutas e actuacións que implicaren riscos  
12 reputacionais e penais para a organización. Esta comisión terá as seguintes funcións:

13 a) Realizar un Manual de actualización permanente de obrigas normativas e legais que  
14 afectaren o BNG.

15 b) Efectuar a autoavaliación periódica do cumprimento destas obrigas.

16 c) Informar aos órganos de dirección nacionais e comarcais das obrigas normativas.

17 d) Fomentar o coñecemento, a aplicación da normativa de aplicación, así como as  
18 normas de conduta éticas que aprobar o BNG para os seus membros e cargos.

19 e) Asesorar e propor os procedementos para a avaliación, a xestión e a prevención de  
20 riscos ante condutas contrarias ao ordenamento xurídico.

21 f) Monitorizar e realizar o seguimento dos procesos de control internos e de xestión.

22

23 19.2.- A Comisión de Prevención e Control Interno estará integrada por 3 persoas,  
24 designadas polo Consello Nacional entre persoas con coñecementos e experiencia  
25 nas materias relacionadas coas súas funcións. A súa designación será efectuada entre  
26 persoas que non desempeñaren cargos orgánicos ou de representación no BNG. Así  
27 mesmo, serán designadas tres persoas suplentes para os casos de renuncia ou  
28 vacante.

29

30 19.3.- A Comisión renderá contas da actividade á Executiva Nacional e ao Consello  
31 Nacional. A súa actividade levarase a termo de acordo cun Programa Anual, elaborado  
32 pola propia Comisión.

33

## 34 **20. REPRESENTANTE XERAL**

35

36 20.1. A persoa Representante Xeral do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)  
37 será designada polo Consello Nacional, ou pola Executiva Nacional por delegación  
38 daquel, e terá poder para representar administrativa e xudicialmente á organización  
39 política, proceder á apertura de contas correntes e autorizar a disposición de fondos  
40 sen prexuízo das competencias do órgano responsábel da xestión económico-  
41 financeira, contratar persoal, negociar e asinar pólizas, préstamos e créditos  
42 bancarios, adquirir bens, conceder poderes e calquera outra función que lle recoñecer  
43 expresamente o Consello Nacional.

44

45 20.2. A persoa Representante Xeral estará sometida no exercicio das súas funcións  
46 á Executiva Nacional.

47

## 48 **21. DO ENDEREZO SOCIAL**

49

50 O enderezo social da asociación política Bloque Nacionalista Galego (en siglas BNG)  
51 establécese na rúa Rodríguez de Viguri, nº 16 -Baixo, 15703 – Compostela.

## 22. DA SEDE ELECTRÓNICA

22.1.- O sitio web da asociación política Bloque Nacionalista Galego (en siglas BNG) é [www.bng.gal](http://www.bng.gal). No citado sitio web tamén se crearán espazos específicos para as estruturas comarcais e locais do BNG, tras a autorización da Executiva Nacional.

22.2.- O enderezo electrónico para os efectos de notificacións por vía telemática é [sedenacional@bng.gal](mailto:sedenacional@bng.gal).

22.3.- Ademais, poderán crearse contas de correo electrónico para as estruturas comarcais e locais do BNG, así como para as estruturas sectoriais, órganos colexiados e unipersoais para os efectos de facilitar a comunicación directa.

## 23. ÁMBITO

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) desenvolve as súas actividades no territorio nacional da Galiza e, en xeral, onde for preciso para a consecución dos seus obxectivos.

## 24. DOS ÓRGANOS DE EXPRESIÓN

Os órganos de expresión oficial do BNG son os voceiros, as circulares informativas, e o sitio electrónico [www.bng.gal](http://www.bng.gal). A Executiva Nacional está facultada para crear novos órganos de expresión ou modificar os existentes, e renderá contas disto ao Consello Nacional.

## 25. DOS SÍMBOLOS.

25.1.- O BNG asume a Bandeira Nacional de Galiza e esta mesma bandeira coa inclusión da estrela encarnada de cinco puntas.

25.2.- O Himno da organización é o galego.

## 26. DISOLUCIÓN

26.1. A adopción do acordo de disolución da organización política BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) só se poderá tomar por maioría de tres quintas partes da Asemblea Nacional.

26.2. O patrimonio do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) en caso de disolución destinarase á entidade xurídica que a Asemblea Nacional decidir cando acordar a súa disolución.

## DISPOSICIÓN FINAL:

O Consello Nacional poderá, se así o considerar, elaborar e aprobar un regulamento interno que desenvolva o recollido nas presentes normas de funcionamento no que ten a ver cos procedementos internos non regulados nestas normas.

*(\*) Por acordo do Consello Nacional, as zonas sombreadas non son emendábeis, por seren incorporadas, por imperativo legal, segundo o establecido na Lei Orgánica 6/2002 de partidos políticos, e na Lei Orgánica 8/2017, de financiamento de partidos políticos.*